

4. *SITUACIÓN:*

Mourisca-Chaín

5. *INFORMES:*

Técnico do Arquitecto técnico municipal de 16/04/07

TOTAL LIQUIDACION:

36,25 EUROS

Ingresadas: 36,25 euros

Diferencia a ingresar — euros

O que lle traslado a vostede para o seu coñecemento e efectos, significándolle que contra o presente pode presentar os recursos que mais abaixo se relacionan:

O acordo transcrito é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo pode interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que o dictou no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte hábil o desta notificación.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, se é o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Gondomar, 15 de febreiro de 2008.—O alcalde,
Xosé Antonio Araújo Quintas. **2008002249**

* * *

O GROVE**A N U N C I O**

O Pleno do Concello do Grove, na sesión que tivo lugar o 17 de decembro de 2007, acordou aprobar expresamente con carácter definitivo a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da protección contra a contaminación acústica, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas a esta as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN
CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA****CAPÍTULO I****DISPOSICIÓN XERAIS***Artigo 1º. Obxecto*

Esta disposición ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, de conformidade

co disposto no seu artigo 3.2º c, e así regular as actuacións dos cidadáns e da Administración para a protección do ambiente contra as perturbacións producidas polos ruídos e vibracións, en cumprimento desta.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación

Están sometidas ás prescricións desta ordenanza todas as actividades e instalacións industriais, comerciais e de servizos, construcións e obras, edificacións, actividades de ocio, de espectáculos e recreativas, tráfico que xeran ruídos e/ou vibracións susceptibles de producir molestias, así como aquelas actividades que impliquen unha perturbación por ruídos da veciñanza e se atopen situadas ou se exerzan dentro do concello do Grove.

Artigo 3º. Competencias.

Corresponderalle á Alcaldía ou á concellaría en que delegue e, de ser o caso, á Xunta de Goberno, esixir, de oficio ou por solicitude de parte interesada, a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar as limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, establecer instrumentos permanentes de control de son nas actividades suxeitas a esta ordenanza e impoñer as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado, consonte o disposto na lexislación de réxime local e na Lei 7/1997, do 11 de agosto.

CAPÍTULO II**NIVEIS MÁXIMOS ADMISIBLES DE RUÍDO
E VIBRACIÓN****SECCIÓN PRIMEIRA****CRITERIOS XERAIS DE PREVENCIÓN***Artigo 4º. Medidas de prevención.*

Nos traballos de execución do planeamento urbano e de autorización e realización de todo tipo de actividades e servizos deberá contemplarse a súa incidencia na xeración de ruídos e vibracións, para que se garanta que os usos e actividades permitidos facilitan o nivel máis axeitado posible de calidade de vida, reducindo a niveis aceptables a contaminación acústica, nos termos e condicións previstos na Lei 7/1997, do 11 de agosto, e no Decreto 150/1999, do 7 de maio, que a desenvolve, e das prescricións contidas nesta ordenanza.

Entre outros aspectos deberá prestarse especial atención a:

- * Organización do tráfico en xeral.
- * Transportes colectivos urbanos.
- * Recollida de residuos sólidos.
- * Localización de centros docentes, sanitarios e lugares de residencia colectiva.

- * Planificación de actividades ao aire libre que poidan xerar ambientes ruidosos en zonas estremeiras.
- * Planificación e proxecto de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico.
- * Todas aquelas medidas preventivas e/ou correctoras que fosen necesarias.

SECCIÓN SEGUNDA

NIVEIS DE RUÍDO E VIBRACIÓN ADMISIBLES

Artigo 5º. Zonas de sensibilidade acústica.

1. Son zonas de sensibilidade acústica para os efectos da aplicación da presente ordenanza, as sinaladas no anexo II e que se clasifican en función daquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.

2. O Plan xeral de ordenación municipal delimitará as zonas de sensibilidade acústica.

Artigo 6º. Niveis de ruído e vibración admisibles.

Ningunha fonte sonora poderá emitir nin transmitir niveis de ruído ou vibración tal que produzan valores de recepción superiores aos fixados nas táboas relacionadas no anexo II, de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

CAPÍTULO III

CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN

SECCIÓN PRIMEIRA

REGULAMENTACIÓN DO RUÍDO DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COS USOS INDUSTRIAIS, TERCIARIO E EQUIPAMENTO

Artigo 7º. Tipos de actividades.

1. Todas as actividades industriais, comerciais e de servizos susceptibles de producir ruídos e vibracións quedan sometidas ao disposto nesta sección.

2. En todo caso, a transmisión de ruídos e vibracións orixinados como consecuencia daquelas actividades deberá axustarse aos límites establecidos na presente ordenanza e no título II do anexo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica. Os titulares destas actividades estarán obrigados a adoptar as medidas de insonorización das fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en cada caso as prescricións establecidas.

Artigo 8º. Proxectos de obras ou instalacións.

1. De acordo co previsto no artigo 4.3º da Lei 7/1997, do 11 de agosto, as actividades que produzan unha perturbación por ruído ou vibracións deberán someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

2. Para o disposto no punto anterior, en todos os proxectos de obras ou instalacións industriais, comerciais e de servizos que poidan provocar ruídos ou vibracións incluírase un estudo acústico xustificativo do cumprimento das medidas establecidas na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, e demais normas técnicas, que abranguerá as determinacións recollidas nos parágrafos 2, 4, 5 e 6 do artigo 11 do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, así como o seu orzamento e planos coas indicacións do parágrafo 3 do devandito artigo. Todas as obras, instalacións ou actividades que, de conformidade co disposto na normativa estatal básica sobre a materia e na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, estean sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais deberán conter un estudo acreditativo do seu impacto acústico de acordo coas esixencias definidas no capítulo III do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio. Na declaración que se dite, que terá carácter vinculante, deberánse impoñer as medidas correctoras precisas.

3. Os estudos de proxectos de actividades clasificadas e/ou suxeitas ao regulamento de espectáculos e actividades recreativas, conterán as medidas específicas adicionais prescritas na sección II deste capítulo.

4. Non lles serán esixibles as medidas específicas adicionais da sección II deste capítulo aos proxectos daqueles establecementos con horario de funcionamento que sexa exclusivamente o comprendido entre as 8 e as 22 horas e cuns aparellos musicais que sexan unicamente radio, televisión e fío musical con nivel de emisión interno (NEI) máximo de 75 dB (A). En calquera caso, nestes supostos os establecementos disporán dun illamento mínimo ao ruído aéreo de 50 dB (A).

Artigo 9º. Licenza de apertura.

Non se outorgará licenza de apertura das instalacións, das actividades ou dos establecementos sometidos a esta disposición se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ao disposto nesta ordenanza e demais normas de aplicación. Así mesmo, non se poderá iniciar a actividade ou pñer en funcionamento as instalacións mentres non estea comprobado que cumpren a normativa sobre contaminación acústica polos órganos inspectores mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas.

Para o exercicio das licenzas en establecementos públicos e actividades de espaxemento e/ou recreativas seguiranse as seguintes prescricións:

1. *Disposicións xerais.*

Sen prexuízo da observancia doutras prescricións derivadas da cualificación da actividade, as presentes normas serán de obrigado cumprimento, para o exercicio de todas as actividades que poidan producir fundamentalmente perturbacións por rúidos e vibracións e especialmente para todos os locais de espaxemento durante o ocio nocturno que se encontren instalados no termo municipal do Grove.

2. *Definición das actividades de espaxemento ou recreativas.* Sen ánimo exhaustivo, compréndense dentro dos establecementos públicos e actividades de espaxemento ou recreativas suxeitos a esta ordenanza, o exercicio das seguintes actividades:

- * *Bar:* establecemento cuxa finalidade primordial é a expedición de bebidas, que adoitan tomarse de pé ou sentado, ante o mostrador ou en mesas, onde as persoas acoden co propósito fundamental de reunirse e charlar. Neste grupo compréndense as denominadas tabernas.
- * *Café-bar, cafetería:* establecemento onde se bebe café ou outras bebidas. Antigamente centro de coloquios literarios ou de intranscendente charla intelectual, símbolo dunha existencia máis plácida e estática. Na actualidade, establecemento público destinado á expedición de café e bebidas de todas as clases, servindo ao público mediante prezo, principalmente na barra ou mostrador, e a calquera hora, dentro das que permaneza aberto o establecemento, pratos fríos e quentes, simples ou combinados, confeccionados de ordinario á prancha para refrixerio rápido.
- * *Café-cantante:* establecemento público de características similares ao anterior, pero amenizado por cantantes ou músicos.
- * *Café-concerto:* teatro onde os espectadores poden fumar e beber e cuxo programa inclúe números de canto, pantomimas e ballets.
- * *Café-bar especial:* nas súas variantes actuais pode estar amenizado con música ambiental, quedando asimilado a pub.
- * *Pub:* voz inglesa abreviatura de “public-house” (local público). Establecemento orixinalmente británico onde se poden tomar bebidas alcohólicas, e que a dinámica social dos nosos tempos transformou nun centro de diversión ambientada con música.
- * *Discoteca:* local de pública concorrencia, onde se expenden bebidas alcohólicas e se baila con acompañamento musical a base de soportes discográficos. O seu elemento característico é a existencia de pista de baile.
- * *Tablao flamenco:* local público que dispón de tarima ou escenario que é utilizado para ac-

tuacións dun determinado espectáculo flamenco. O termo estivo referido nun principio aos denominados cafés-cantantes.

- * *Sala de festas:* salón de baile ou cabaré (do francés taberna), lugar de espaxemento onde se bebe, se baila e se representan espectáculos principalmente de noite, sinónimo de “boite” e “music-hall”.
- * *Karaoke:* establecemento público onde se expenden bebidas alcohólicas e, segundo moda importada do Xapón, os usuarios intentan reproducir coa súa voz sobre un fondo orquestral que os guía e arroupa calquera das cancións de moda.
- * *Restaurante:* establecemento público cuxa finalidade primordial é a de servir comidas ao público. As súas diversas clases comprenden unha gama infinita, desde a modesta casa de comidas que proporciona un menú fixo a prezos moi económicos ata os suntuosos restaurantes de fama: quedan encadrados dentro desta categoría as súas variantes como pousadas, mesóns, grellarías, etc.
- * *Bingos:* sociedades ou centros de reunión constituídos coa primordial finalidade de practicar unha variedade de lotaría denominada bingo.
- * *Billar, pimpón, salón de birlos:* establecementos público destinados á practica do xogo de billar, pimpón, birlos, provistos para tales fins das correspondentes mesas de xogo ou instalacións específicas para xogo de birlos.
- * *Salón de xogos recreativos:* establecemento público dotado primordialmente de máquinas recreativas e de azar dos tipos “A”, “B” e “C”.
- * *Locais específicos de música, danza:* establecementos destinados ao ensino ou práctica da música (con instrumentos musicais, coros, etc.) ou danza que non teñan carácter esporádico ou ocasional (ximnasia artística, aeróbic, etc.).
- * *Cine:* local ou edificio destinado ao pase de películas cinematográficas mediante un aparello óptico de proxección, baseado na persistencia de imaxes na retina que permite dar impresión de movemento mediante o paso rápido dunha serie de fotografías.

3. *Clasificación das actividades polo seu grao de molestias.*

3.1. As distintas actividades de ocio clasifícanse en función do seu grao de molestias nos seguintes grupos que, á súa vez, e a título meramente enunciativo engloban os seguintes tipos:

3.1.1. Grupo I

- Bares, tabernas
- Café-bar, cafetería

- Casas de comidas, mesóns, grellarías, xamonarías
- Restaurantes

3.1.2. Grupo II

- Café-bar especial
- Pub

3.1.3. Grupo III

- Café-cantante
- Café-concerto
- Karaoke
- Salón de birlos, billar..
- Salón de xogos recreativos

3.1.4. Grupo IV

- Discotecas e salas de baile
- Salas de festas
- Tablao flamenco
- Music-hall
- Cines
- Bingos

3.1.5. Grupo V

- Barras americanas
- Bares de alterne
- Night clubs
- Whiskarías

3.2. As actividades que non estean expresamente comprendidas na nomenclatura dos tipos referenciados encadraranse dentro do grupo co que teñan maior afinidade.

3.3. As actividades reguladas para a concesión de licenza, deberán encadrarse e definirse necesariamente nalgún dos grupos que clasifica esta ordenanza, con independencia do que lle faculte o seu epígrafe fiscal. O exercicio dunha actividade amparado en normas fiscais ou doutra orde, non poderá desnaturalizar o exercicio da actividade principal.

3.4. Con carácter xeral as actividades clasificadas nos grupos I e II desta ordenanza, deberán ter reservado para estancia permanente de persoas, con mesas e cadeiras, polo menos o 50 % da superficie útil.

3.5. As casas de comidas, mesóns, grellarías, xamonarías, terán como actividade principal a expedición de artigos alimenticios.

3.6. Agás nos locais habilitados para iso, tales como discotecas, salas de baile, tablaos flamencos, music-hall, queda terminantemente prohibida a reiteración de actividades de baile.

4. *Prohibición de actividades musicais en determinados locais e espazos.*

4.1. Como regra xeral, no interior dos locais onde se desenvolvan as actividades do Grupo I, que teñen por finalidade fundamental a reunión de persoas para charlar, tomar unha consumición ou

comer, non se permitirá a instalación de aparellos de reprodución de música nin vídeo-musicais.

4.2. Queda prohibida a instalación e uso de aparellos de reprodución de música no exterior dos establecementos suxeitos a esta ordenanza.

5. *Terrazas.*

1. A ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, veladores, etc. estará suxeita a licenza municipal.

2. Só se autorizará a ocupación da vía pública para os fins descritos no apartado anterior aos establecementos encadrados no Grupo I.

3. Non se permitirá a instalación e uso de aparellos de reprodución de música nas terrazas.

6. *Sometemento á licenza.*

1. O exercicio das actividades que se deixan expresadas na presente sección encóntranse sometidas á necesidade de obter previamente a licenza municipal de apertura e a autorización de funcionamento.

2. En función dos ruídos e vibracións que poñan transmitir as citadas actividades terán a consideración de actividades molestas e como tales suxeitas ás prescricións desta ordenanza municipal, ás do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas e ao resto da normativa de xeral aplicación.

3. As licenzas de apertura facultan exclusivamente ao seu titular para desenvolver nun local ou establecemento concreto unha determinada actividade.

7. *Comezo do exercicio da actividade.*

1. A mera solicitude de licenza non prexulga a resolución favorable. Por conseguinte, non poderá comezarse ao exercicio da actividade sen que o solicitante obtivese previamente a licenza de apertura do establecemento.

2. Cando a actividade requira licenza de posta en funcionamento, distinta da de apertura, o interesado deberá agardar igualmente a súa concesión para o comezo da actividade.

8. *Instalación de actividades con equipo de música.*

Para conceder licenza de instalación dunha actividade con equipo de música ou que desenvolve actividades musicais, ademais da documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso presentar un estudo realizado por un técnico competente no que se describan os seguintes aspectos da instalación:

1. Descrición do equipo musical, incluída a súa potencia acústica e gama de frecuencias.

2. Situación do número de altosfalantes e descrición das medidas correctoras que se adopten, tales como direccionalidade, suxeición e similares.

3. Descrición dos sistemas de illamento acústico, con detalle das pantallas de illamento, especificación das gamas de frecuencias e absorción acústica.

4. Fixación do tope de potencia fónica en función do nivel de emisión permitido para cada caso.

5. Fíxanse as seguintes medidas correctoras referentes a teitos, cerramentos, solos, piares e altofalantes.

1. *Teitos:*

- a) Reparación de calquera defecto de forxado que separe o local en estudo dos estremeiros evitando con iso os camiños de transmisión do son.
- b) Os falsos teitos non deberán ir unidos rixidamente ao teito.
- c) Evitaranse as múltiples perforacións para a iluminación.
- d) Evitaranse todo tipo de unións rixidas de instalacións.
- e) Utilización do material absorbente na cámara de aire entre ambos os dous teitos.
- f) Nas conducións de ventilación e aire acondicionado prohibíense retornos de aire polos falsos teitos.
- g) Os altofalantes instalaranse de forma que non exista contacto directo co forxado de local.
- h) Instalar debaixo deste teito os condutos da ventilación, climatización e iluminación.
- i) No caso de que como consecuencia da aplicación das medidas correctoras previstas no epígrafe h) o local incumpra outras condicións requiridas, o titular a través do estudo de impacto acústico poderá propoñer outras medidas correctoras que deberán ser sometidas a aprobación municipal.

2. *Cerramentos laterais e fachadas.*

1. Cerramentos de fachadas (exterior na vía pública):
 - a) Nos locais de café-bar especial e pub, onde os niveis de emisión sexan iguais ou superiores a 80 dB (A), as portas deberán permanecer sempre pechadas, consonte prevé o artigo 16º.
 - b) Nos locais destinados a café concerto, café cantante e karaoke, con niveis de emisión de 90 dB (A), deben suprimirse as ventás ou darlles un tratamento especial (dobre en triplo cristal).
2. Cerramento de separación de locais adxacentes.

A magnitude do illamento estará en función dos niveis de ruído que exista no local receptor.

3. *Pisos.*

Co obxecto de evitar a transmisión directa que ocasionan os altofalantes de baixos e os impactos de taconeo ou de baile, establécese como aconsellable a execución de pisos flotantes nestes locais. Esta montaxe será obrigatoria para niveis de ruído de 90 dB (A).

4. *Piares.*

Para niveis de 90 dB (A) e co obxecto de evitar a transmisión de ruído aéreo ou de impacto a través da estrutura é necesario o illamento desta mediante sistemas masa-resorte como paredes de obra de fábrica de ladrillo apoiados sobre sistemas elásticos.

5. *Altofalantes.*

Prohíbese a ancoraxe das instalacións electroacústicas en teitos, piares e paredes.

Os altofalantes de son medio e agudo situaranse suspendidos mediante materiais elásticos evitando as pontes acústicas. Os altofalantes de baixos deberán colocarse sobre un bloque de inercia sustentado sobre resortes metálicos de baixa frecuencia de resonancia.

Empregaranse preferentemente altofalantes de pouca potencia distribuídos homoxeneamente no texto e con pequeno radio de acción. Está contraindicado o uso de altofalantes de grandes niveis de potencia acústica.

Nos locais con niveis iguais a 90 dB (A) leq., deberán separarse as zonas de ruído elevado e pistas de baile das zonas menos ruidosas.

6. *Outras condicións.*

Deixarase un punto de inspección por cada 50 metros cadrados, no que se poderá observar o illamento.

9. *Autorización de funcionamento.*

1. Obtida a licenza de apertura, esta non poderá exercerse sen que antes xiren a oportuna visita de comprobación os servizos técnicos municipais, que se efectuará dentro dos dez días seguintes á data en que o pida o titular da licenza.

2. Na visita de inspección o titular da licenza está obrigado a poñer en funcionamento os distintos focos xeradores de molestias o perigos, na forma que lle indiquen os servizos municipais.

Nos casos de licenza de instalación dunha actividade con equipo de música ou que desenvolve actividades musicais, os servizos técnicos municipais comprobaran a instalación, efectuándose unha medición consistente en reproducir, no equipo que se vai inspeccionar, un son co mando do potenciómetro de volume ao máximo nivel e, con esas condicións, medir o ruído na vivenda máis afectada. O nivel máximo medido non superará os límites fixados nesta ordenanza.

3. Co resultado da inspección, os servizos técnicos redactarán a oportuna acta, na que o titular da

licenza de apertura poderá reflectir as observacións que estime convenientes.

4. No caso de que se detectase algunha deficiencia ou se comprobase a ineficacia dalgún sistema corrector previsto, concederáselle ao titular un prazo para reparalo, coa advertencia de que, de non o facer, non se concederá entre tanto autorización de funcionamento e, se é o caso, procederáse a declarar a caducidade da licenza de apertura.

5. Se o titular da licenza non procedese á corrección das deficiencias observadas polos servizos técnicos municipais pero, non obstante, dese solución ao problema a través doutros medios, por exemplo, eliminando a fonte da molestia. En tal caso, e logo da manifestación neste sentido por parte do titular e a correspondente comprobación polos servizos técnicos deste feito, que se documentarán no expediente, poderase outorgar a autorización de funcionamento e, se fose necesario, procederáse a modificar a clasificación do grupo ou as condicións da licenza de apertura concedida mediante nova resolución.

6. A autorización ou denegación de funcionamento da actividade adoptará o mesmo órgano municipal ao que se lle atribúe resolver a licenza de apertura.

7. As resolucións sobre autorizacións de funcionamento notificaráselles aos interesados que comparecen no expediente, con expresión de recursos.

10. Control da actividade.

O Concello poderá adoptar, en calquera momento e mediante resolución motivada, as medidas que resulten necesarias para que o exercicio da actividade se axuste ás condicións da licenza e, en todo caso, ao cumprimento do disposto na presente ordenanza ou outras disposicións, que teñan por obxecto garantir a tranquilidade e seguridade cidadá.

11. Medidas provisionais.

1. Cando así veña esixido por razóns de urxencia inaprazable, o Concello poderá adoptar as medidas provisionais que resulten necesarias en orden a garantir os adecuados niveis de seguridade e tranquilidade.

2. As medidas de carácter provisional, que non se alzarán en tanto non se corrixan as causas da deficiencia detectada, poderán consistir en:

2.1. Dispoñer limitacións no uso de produtos, aparellos ou instalacións do establecemento.

2.2. Dispoñer o precinto e incluso a retirada dos ditos produtos, aparellos ou instalacións.

2.3. Dispoñer limitacións no exercicio dalgunha das actividades que se desenvolven no establecemento.

2.4. Dispoñer a suspensión temporal de todas as actividades.

EXERCICIO IRREGULAR DA ACTIVIDADE

12. *Establecemento onde se exerce unha actividade sen licenza.*

1. Para os efectos previstos neste artigo considérase que nun establecemento se exerce unha actividade sen licenza ou clandestina nos seguintes casos:

1.1. Cando o local de referencia non dispón de licenza municipal de apertura.

1.2. Cando, aínda tendo o local licenza municipal de apertura, a actividade é exercida por persoa distinta á do titular. Para estes efectos presúmese que a actividade desenvolvida no local é exercida pola persoa que figura de alta no imposto de actividades económicas.

1.3. Cando se exerce unha actividade nun establecemento cuxa licenza se encontra retirada, xa sexa provisional ou definitivamente, ou se encontre caducada.

2. Se, como consecuencia da inspección levada a cabo, se detectase que nun establecemento se está exercendo unha actividade sen licenza, sen prexuízo das matizacións que máis abaixo se deixan expresadas, adoptaranse con carácter xeral as seguintes medidas:

2.1. Incoarase expediente sancionador fronte á persoa que veña exercendo a actividade.

2.2. Poderase dispoñer, como medida provisional, o cesamento provisional da actividade de forma inmediata.

2.3. Concederáselle á persoa que vén exercendo clandestinamente a actividade un prazo de dez días para que alegue o que teña por conveniente ao seu dereito.

3. Transcorrido o prazo anteriormente sinalado sen que o requirido formulase alegacións, sen prexuízo da sanción en que puidese incorrer, procederáse a decretar a clausura definitiva da actividade e, no seu caso, ao precinto del local.

4. Se, a pesar das alegacións que puidese formular o requirido, seguisen dándose as circunstancias contempladas no apartado 1 deste artigo, sen prexuízo da sanción en que puidese incorrer, procederáse igualmente a decretar a clausura definitiva da actividade.

13. *Establecemento que non se axusta á actividade para a que conta con licenza.*

1. Para os efectos previstos neste artigo, considérase que un establecemento cambiou de actividade cando a desenvolvida efectivamente no local non se corresponda total ou parcialmente coas actividades amparadas por licenza e, á súa vez, tales actividades teñan encaixe nun grupo de clasificación distinto conforme ao RAMINP ou nun grupo de clasificación distinto desta mesma ordenanza.

2. Se, como consecuencia da inspección levada a cabo, se detectase que a actividade desenvolvida no establecemento non se correspondese coa da licenza de apertura concedida, adoptaranse as seguintes medidas:

2.1. Incoarase expediente sancionador.

2.2. Como medida provisional poderáselle ordenar ao seu titular que, de forma inmediata, cese no exercicio da actividade efectivamente desenvolvida no local para o que non conta con licenza.

2.3. Concederáselle ao titular un prazo de dous meses para que nel solicite a licenza de apertura para a actividade efectivamente desenvolvida no local ou, noutro caso, para que efectúe o necesario no establecemento co fin de axustar o exercicio da actividade ao amparado pola licenza.

3. Sen prexuízo do expediente sancionador que se puidese incoar, se dentro do prazo concedido o titular realizase no establecemento as obras ou actos necesarios para axustar o exercicio da actividade ao da licenza concedida, e sempre que estas fosen suficientes a xuízo dos servizos técnicos municipais, alzaranse as medidas adoptadas permitíndose o exercicio da actividade autorizada en licenza.

4. Transcorrido o prazo anteriormente concedido sen que o requirido formulase alegacións ou efectuase as adaptacións necesarias para axustar o exercicio da actividade ao contido da licenza, impedirse definitivamente o exercicio da actividade.

14. *Reincidencia.*

Enténdese por reincidencia:

1. A comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no termo dun ano, cando así fose declarado por resolución firme.

2. A reiteración nos feitos, a produción periódica de molestias no exercicio da actividade que fosen detectadas polos servizos municipais nos seis meses anteriores.

15. *Precinto ou retirada de aparellos ou instalacións.*

1. Cando se dispuxese a limitación ou inutilización dalgún aparello, sistema ou instalación, ou o cesamento dalgunha actividade desenvolvida no propio establecemento, poderase ordenar a retirada ou precintado destes.

2. Cando se ordene a retirada de aparellos móbiles do establecemento, o titular vén obrigado a facelo no prazo que se lle sinale e a non volver a reinstalalos, xa sexa o mesmo aparello ou outro de similares características, ata que non obteña a autorización para facelo.

A reinstalación de aparellos sen a debida autorización será constitutiva de infracción moi grave.

3. O precinto dos aparellos, sistemas ou instalacións poderá ordenarse, ben para limitar o seu uso

ou intensidade, ben para impedi-lo. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir diversas formas: papel ou cinta adhesiva, cordel, arame, selo ou similares, e instalarase de forma ben visible.

4. O titular da actividade está especialmente obrigado a manter, en debidas condicións, o estado do precinto e a comunicarlle inmediatamente ao Concello en caso de desaparición, ruptura ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia deste.

5. No poderá retirarse o precinto sen previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitarlle ao Concello que se levante o precinto co obxecto de efectuar as adaptacións ou reparacións necesarias, en cuxo caso o autorizará. Neste caso, o titular está obrigado a comunicarlles inmediatamente aos servizos municipais o momento en que se producise a reparación da deficiencia. Non se poderá poñer en funcionamento o aparello ou sistema precintado durante o horario de actividade en tanto non se comprobe o seu grao de eficacia e sexa autorizado polos servizos municipais.

A posta en funcionamento do aparello ou sistema precintado durante o horario de actividade sen obter a previa autorización será constitutiva de infracción moi grave.

6. Con independencia das responsabilidades penais en que se puidese incorrer, a manipulación, alteración, deterioración ou ruptura de precintos será constitutiva de infracción moi grave. Presúmese que a actuación sobre o precinto foi executada polo titular ou persoal ao seu cargo no establecemento cando se encontre en zona á que non teña acceso o público.

16. *Precinto de locais.*

1. Cando se dispuxese o cesamento de todas as actividades que se desenvolven nun establecemento ou ben a súa clausura, poderase ordenar o precintado do local.

2. O precintado dun local ten por obxecto impedir o seu uso para unha actividade concreta. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir diversas formas: papel ou cinta adhesiva, cordel, arame, selo ou similares, e instalarase de forma ben visible.

3. O titular da actividade ou do local está especialmente obrigado a manter, en debidas condicións, o estado do precinto e a comunicarlle inmediatamente ao Concello a súa desaparición, ruptura ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia deste. O incumprimento desta obriga será constitutivo de infracción leve.

4. Non poderá retirarse o precinto sen a previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitar do Concello que se levante o precinto co obxecto de efectuar as adaptacións ou reparacións necesarias ou retirar obxectos, en cuxo caso o

autorizará. Neste caso, o titular está obrigado a comunicarlles inmediatamente aos servizos municipais o momento en que se producise a reparación da deficiencia. Non se poderá abrir o establecemento ao público en tanto non se conceda autorización de funcionamento.

5. A apertura dun establecemento sen obter a previa autorización será constitutiva de infracción grave.

6. Con independencia das responsabilidades penais en que se puidese incurrir, a manipulación, alteración, deterioración ou ruptura de precintos será constitutiva de infracción grave.

Artigo 10º. Medidas correctoras e controis.

Nas licenzas de apertura e nas declaracións de incidencia ambiental deberán sinalarse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprir as actividades e instalacións, indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licenzas ou autorizacións.

Artigo 11º. Inspeccións.

Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, realizaranse as inspeccións precisas para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas, poderán incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control.

As comprobacións ás que se refire este parágrafo rexeranse polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

A Policía Local exercerá as funcións de vixilancia e inspección dos establecementos e deberá denunciar calquera irregularidade que contraveña o disposto na presente ordenanza.

SECCIÓN SEGUNDA

ACTIVIDADES DE OCIO, DE ESPECTÁCULOS E RECREATIVAS

Artigo 12º. Ruídos no exterior.

1. Os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entrar ou saír do local, non lle produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á Policía Municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados. Así mesmo, e sen prexuízo das responsabilidades dos titulares do establecemento, as referidas obrigas serán cumpridas polos dependentes ou encargados que presten servizos no local.

2. Naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de

recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o Concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos.

Para estes efectos, o Concello, tras a solicitude dos informes de inspección ambiental e que constaten, de ser o caso esta realidade, acordará mediante resolución motivada do alcalde, a declaración destas zonas urbanas como «zonas saturadas por acumulación de ruídos». Esta resolución, adoptada nun procedemento contradictorio, poderá acordar algunha das medidas cautelares previstas no artigo 43 deste regulamento e do artigo 20 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e en concreto, a posible paralización da actividade ou clausura de instalacións, o recinto de equipos así como calquera outra que se considere imprescindible para evitar a persistencia desta situación.

3. As actividades complementarias no exterior, debidamente autorizadas, desenvolvidas polos establecementos de bar, cafetería ou restauración, café bar especial e pub (terrazas na vía pública) non estarán sometidas ás limitacións de illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen, en espazos estreitos ou superiores, os valores de recepción que figuran no anexo II desta disposición. En todo caso, non poderán situarse ou utilizarse nestes espazos dedicados a estas actividades complementarias equipos de música ou outros reprodutores sonoros, así como aqueloutros elementos susceptibles de xeraren ruído.

4. Os titulares dos establecementos coidarán do mantemento da orde nas terrazas, debendo solicitar a actuación da Policía Local en caso de alteración ou molestia esaxerada para a veciñanza. Neste sentido, nas declaracións ou licenzas de actividade ou de apertura que se expidan para estes establecementos abertos ao público preverase que o quebranto reiterado deste deber pode comportar a revogación da autorización ou licenza, logo dun expediente contradictorio instruído para o efecto. Cando o local público no que se desenvolvan actividades de ocio e que dispoña de licenza de espazos abertos produza uns niveis de ruído superior os permitidos, considerarase o titular responsable das molestias e aplicaráselle o réxime sancionador previsto nesta disposición.

Artigo 13º. Obrigas dos titulares de actividades.

Deberes xenéricos:

Os titulares das licencias están obrigados a:

1. Exercer a actividade nos termos establecidos na correspondente licenza de apertura e na autorización de funcionamento e, en todo caso, a axustala aos límites previstos na presente ordenanza.

2. Exercer a actividade coa dilixencia debida para evitar a produción de molestias a usuarios e veciñanza.

3. A cumprir as ordes individuais que lles poida dirixir ao Concello a fin de evitar a produción de perturbacións por ruídos e vibracións, especialmente durante o horario nocturno.

4. As actividades, sexan diúrnas ou nocturnas, deberán axustarse ao horario legalmente establecido.

Deberes específicos:

1. Constitúen deberes específicos dos titulares das actividades reguladas por esta ordenanza, os seguintes:

1.1. Adoptar durante as horas de funcionamento da actividade, especialmente durante o horario nocturno, as medidas oportunas para evitar que o público efectúe as súas consumicións fóra do establecemento ou na vía pública. Quedan exceptuadas desta obrigación os establecementos que teñan autorizado o funcionamento de terrazas en vía pública sempre que se acomoden ás prescricións da súa respectiva autorización ou licenza.

1.2. Exercer a actividade coas portas e ventás pechadas evitando a propagación de ruídos e sons ao exterior.

1.3. Impedir a superación dos límites de aforo establecidos.

1.4. Cumprir fielmente os horarios de peche dos locais de espaxeamento, especialmente en horas nocturnas. Unha vez que se supere o horario de peche establecido pola autoridade gubernativa correspondente para as distintas actividades, impónense as seguintes obrigacións:

1.4.1. Non poderá volver a abrir ao público nas oito horas seguintes desde a hora de peche.

1.4.2. No poderá seguir funcionando ningún instrumento ou aparello musical (radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altosfalantes, pianos, etc.) dentro ou fóra do local.

1.4.3. O desaloxo da clientela deberá producirse na media hora seguinte á do peche.

1.4.4. Desde o momento do peche ata as 8 horas a.m. os Niveis de Emisión Interna (NEI) non poderán superar os 75 (50) dB (A).

1.5. Prohibir e impedir o acceso a menores nos locais comprendidos nos grupos II, III, IV e V, excepto nos supostos en que se autorice especificamente o seu funcionamento para actividades xuvenís, en franxa horaria de 18 a 22 horas, con prohibición absoluta de venda e exhibición de alcohol.

1.6. Impedir a saída de persoas do local portando botellas, envases, vasos, etc.

1.9. Ter no local o Libro de Inspección, facilitar-llo aos servizos municipais e non impedir que nel os inspectores plasmen os resultados da inspección.

1.10. Non instalar no local, se non está expresamente autorizado, xogos de fútbol de mesa, billares ou máquinas recreativas que poidan producir ruídos de impacto ou doutra natureza que poidan producir molestias ou ruídos.

2. O titular da licenza será o responsable do mantemento da orde dos seus clientes, tanto no local como nos seus accesos.

3. O titular da licenza ou, se é o caso, o encargado do establecemento estarán obrigados a colaborar cos servizos de inspección e cos axentes da autoridade no cumprimento das súas misións.

Artigo 14º. Aviso de niveis sonoros.

Todos os establecementos públicos que dispoñan de equipo musical de elevada potencia, independentemente doutras limitacións establecidas nestas ordenanzas tipo, non poderán superar niveis sonoros máximos de 90 dB (A) en ningún punto ao que teñan acceso os clientes e usuarios, agás que no acceso do referido espazo se coloque o aviso seguinte: «a exposición prolongada aos niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído». O aviso deberá ser perfectamente visible tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación. De acordo coas especificacións establecidas no anexo desta ordenanza.

Artigo 15º. Sonógrafo.

Para o mellor control dos límites sonoros regulados nesta ordenanza, poderá establecerse a obriga, para todas as actividades de café-bar especial, pub, café-cantante, café-concerto, karaoke, discoteca, salas de baile e salas de festa, whiskarías, de instalar aparellos de control permanente de emisión fónica (sonógrafo ou caixa negra), deseñados para causar a interrupción da emisión cando se superen os límites máximos de emisión. O dispositivo de control deberá ter as seguintes prestacións:

- a) Rexistrar e almacenar o período de funcionamento ruidoso da actividade, cos datos de data e hora de inicio e data e hora de terminación e os correspondentes niveis de inmisión de ruídos.
- b) Rexistrar e almacenar os períodos de funcionamento, con data e hora de atendido e apagado, das fontes sonoras, co obxecto de poder controlar a súa correcta actuación.
- c) Conservar a información durante doce meses para permitir a súa inspección posterior.
- d) Dispor dun sistema que lles permita aos servizos municipais realizar a inspección dos datos de maneira que se poidan trasladar aos sistemas informáticos do servizo de inspección para a súa análise e avaliación, permi-

tindo a impresión deles. Todas estas operacións non serán destrutivas dos datos existentes no dispositivo, nin existirá a posibilidade de manipulación deles mediante o sistema informático.

- e) Contar con dispositivo para evitar posibles manipulacións da caixa negra, mediante claves electrónicas ou claves de acceso.
- f) Os dispositivos de control terán que estar homologados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Artigo 16º. Certificado final de obra.

Os locais públicos destinados ao espallamento e ocio terán que dispor do tratamento acústico de paredes, teitos e solos co fin de garantir os illamentos mínimos requiridos. O certificado final de obra recollerá necesariamente que os materiais proxectados foron instalados.

Artigo 17º. Dobre porta.

Co fin de evitar a transmisión sonora directamente ao exterior, nos establecementos nos que se instale equipo musical de emisión igual ou superior de 80 dB (A), será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual e constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio que actúe como cámara de control para impedir que as dúas portas estean abertas ao mesmo tempo. Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas a partir das 22 horas, agás para a entrada e saída de persoas.

SECCIÓN TERCEIRA

REGULAMENTACIÓN DO RUÍDO DO TRÁFICO

Artigo 18º. Vehículos de tracción mecánica.

1. Todo vehículo de tracción mecánica terá en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrozaría e demais elementos del capaces de producir ruídos, especialmente o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo co motor en marcha non exceda dos límites previstos no Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de automóviles respecto ao ruído.

2. Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos de motor na circulación serán os establecidos para as emisións de vehículos terrestres, no decreto citado no parágrafo anterior.

3. Consonte o disposto no artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, non se permitirá a circulación de vehículos con niveis de ruídos superiores aos regulamentariamente establecidos.

Artigo 19º. Dispositivos acústicos.

Conforme o disposto nos artigos 7 e 110 e seguintes do Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, respectaranse as seguintes limitación:

- 1º Os condutores de vehículos de motor, agás os que serven en vehículos da policía gobernativa ou municipal, servizos de extinción de incendios e salvamento e outros vehículos destinados aos servizos de urxencia, non poderán facer uso dos dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as 24 horas do día, agás cando se trate de evitar un accidente ou se realice un servizo urxente de auxilio, supostos nos que serán utilizados de forma axeitada e proporcionada.
- 2º Prohíbese a circulación de vehículos de motor con escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- 3º De igual xeito prohíbese forzar ou violentar as marchas dos vehículos producindo ruídos molestos ou innecesarios, aínda que estivesen dentro dos límites máximos admisibles.
- 4º Así mesmo, prohíbese a circulación de vehículos de motor cando, por exceso de carga, produzan ruídos superiores aos sinalados na lexislación estatal vixente.

Artigo 20º. Restrición de circulación.

1. De conformidade co artigo 5.3º da Lei 7/1997, do 11 de agosto, nos casos en que o ruído do tráfico afecte notoriamente a tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías nos que algunhas clases de vehículos de motor non poderán circular ou deberán facelo de xeito restrinxido en horario e velocidade.

2. Para efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soportan un nivel de ruído, debido ao tráfico rodado, que alcance valores de nivel continuo equivalente (LpAeq) superior a 55 dB durante o período nocturno (de 22 h a 8 h) e a 65 dB no período diúrno (de 8 h a 22 h).

Artigo 21º. Inspección e control.

1. A Policía Local poderalles esixir aos condutores de vehículos de motor e ciclomotores, que ao seu xuízo excedan os límites de emisión permitidos, o sometemento ás probas de control de ruídos consonte o disposto no artigo 10.6º, inciso segundo, da Lei do 19 de decembro de 2001, de modificación do Real decreto lexislativo 339/1990. Así mesmo, e de conformidade co Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, modificado polo Lei 19/2001, do 19 de de-

cembro, os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo nos casos de superar os niveis de ruídos regulamentariamente permitidos e nos termos previstos no artigo 70.2º do referido real decreto.

2. Os vehículos con nivel sonoro que exceda os límites máximos establecidos no Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de automóbiles respecto ao ruído, serán obxecto da correspondente denuncia.

3. Consonte o disposto no artigo 7 do Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de vehículos, os axentes de vixilancia do tráfico formularán denuncias por infracción do disposto neste regulamento cando, coa axuda de aparellos medidores de ruído comprobren que o nivel de ruídos producidos por un vehículo en circulación supera os límites sinalados no artigo 6 do devandito decreto. Poderá, así mesmo, ser formulada denuncia polos axentes de vixilancia de tráfico sen necesidade de aparellos medidores, cando se trate de vehículos que circulen co chamado «escape libre» ou produzan, por calquera outra causa, un nivel de ruídos que notoriamente superen os límites máximos establecidos.

O titular do vehículo denunciado poderá unir ao prego de descargo a certificación expedida polo Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio ou empresa homologada, na que se faga constar o nivel de ruído comprobado por esta, sempre que presente o vehículo ante aquel organismo no prazo dos dous días hábiles seguintes á entrega ou recepción do boletín de denuncia.

SECCIÓN CUARTA

REGULAMENTACIÓN DO RUÍDO NAS EDIFICACIÓNS

Artigo 22º. Concepto de edificación.

Considéranse sometidas para os efectos desta disposición os edificios destinados a calquera dos seguintes usos:

- * Residencial privado, no que se entenden incluídos todo tipo de vivendas.
- * Residencial público, así hoteis, residencias de terceira idade, e demais establecementos hoteleiros.
- * Administrativos e de oficinas.
- * Sanitarios, nos que se inclúen hospitais, clínicas e outros centros sanitarios.
- * Docentes, tales como escolas.

Artigo 23º. Condicións acústicas.

1. Os diversos elementos construtivos dos edificios definidos con anterioridade deben cumprir as condicións acústicas determinadas no Código Técnico da Edificación aprobado por RD 314/2006 de 17 de marzo.

Artigo 24º. Maquinaria e instalacións.

1. Os aparellos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento do aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación da enerxía eléctrica e demais servizos dos edificios serán instalados coas precaucións de localización e illamento que lles garantan un nivel de transmisión sonora aos locais e ambientes próximos que cumpran co disposto no título II do anexo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica.

2. Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estrutura da edificación, deberán terse en conta as seguintes normas:

Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente o que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas ou soporte delas nas paredes medianeiras, teitos ou forzados de separación de recintos, senón que se realizará interpoñendo os adecuados dispositivos antivibratorios.

As máquinas de arrinque violento, as que traballen por golpes en choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o chan e illadas da estrutura da edificación por medio dos adecuados dispositivos antivibratorios.

Os condutos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos de forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e os soportes dos condutos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conducións dotaranse de materiais antivibratorios.

Nos circuítos de auga evitarase a produción de golpes de elevadores hidráulicos, e as seccións e disposición das válvulas e billas deberán ser tal que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Artigo 25º. Certificado de illamento acústico.

A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello procederá a comprobar o cumprimento das prescricións establecidas neste capítulo, comprobación que poderá omitirse se a achegan os promotores, xunto coa anterior certificación, certificado de illamento acústico expedido por empresas en entidades homologadas pola Consellaría de Medio Ambiente.

Non se concederá a licenza de primeira ocupación sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos.

O procedemento regulador de homologación das empresas ou entidades para efectuar mediacións en

contaminación acústica e vibracións será o establecido no capítulo II do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

SECCIÓN QUINTA

REGULAMENTACIÓN DO RUÍDO PARA ACTIVIDADES VARIAS

Artigo 26. Actividades varias.

1. A produción de ruídos e vibracións na vía pública, nas zonas de pública concorrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar, tanto de día como de noite, os límites establecidos nesta norma para garantir unha correcta convivencia cidadá.

2. Os donos de animais domésticos deben de evitar calquera tipo de ruído provocado polos animais entre as 00:00 h da noite e as 8:00 h da mañá en horario de verán e as 23.00 h. da noite e 8.00 h. da mañá en horario de inverno para velar pola tranquilidade dos veciños. No resto das horas que compoñen o día, non se permitirá que o nivel de ruídos producidos polos animais, exceda os límites da boa convivencia e en ningún caso os valores establecidos nesta disposición. O dono será responsable do ruído producido polos seus animais.

3. Os propietarios ou usuarios de aparellos produtores de son e instrumentos musicais ou acústicos, que fagan uso deles, xa sexa no propio domicilio ou en zonas públicas, non deberán exceder os límites de ruído establecidos. Soamente nos casos excepcionais se poderá exceder destes límites se o Concello concede a autorización oportuna.

Para a práctica habitual de música, cando exista posibilidade de transmitir sons a vivendas lindadeiras por enriba dos niveles permitidos nesta ordenanza, adecuarase o local de tal forma que non se irradien ruídos e molestias ás ditas vivendas lindadeiras. Así mesmo, o uso dos diversos instrumentos musicais realizarase adoptando as necesarias precaucións, tanto na súa instalación como no local onde se utilicen, de modo que os niveis de ruído producidos non superen os límites establecidos na ordenanza.

4. A prescrición establecida no parágrafo anterior refírese a ruídos producidos, especialmente en horas de descanso nocturno, entre as 12:00 h da noite e as 8:00 h da mañá, quedando prohibido:

- a) Cantar, berrar, vociferar, é dicir, empregar un volume especialmente alto da voz humana ou da actividade directa das persoas.
- b) Usar instrumentos musicais ou semellantes.
- c) Realizar reparación domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.

d) Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.

e) Utilizar aparellos domésticos se emiten un nivel de ruído superior ao permitido. En relación con isto terase en conta que a televisión, radio e outros aparellos musicais deberán axustar o seu volume de forma que non superen os niveis establecidos na ordenanza.

f) Realizar calquera actividade perturbadora do descanso alleo no interior das vivendas, durante o horario nocturno, tales como festas, xogos, arrastre de mobles e cousas, reparacións materiais ou mecánicas de carácter doméstico, etc.

5. De forma xeral, queda prohibida calquera das actividades antes destacada, durante os domingos e festivos.

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos puntos precedentes deste capítulo, que comporte unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conduta cívica normal, será sancionado conforme o establecido nesta ordenanza.

Artigo 27º. Traballos na vía pública e na edificación.

1. Nos traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de emisión externo (NEE) superior a 90 dB (A), medidos na forma que se fixa regulamentariamente.

2. Os traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non poderán realizarse entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte se producen niveis sonoros superiores ao establecido con carácter xeral neste decreto.

3. Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo Concello, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir en función das circunstancias que concorran en cada caso, sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.

Artigo 28º. Carga e descarga.

1. Prohíbense as actividades de carga e descarga de mercancías, manipulación de caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares na vía pública, entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte, cando estas operacións superen os límites sonoros establecidos no presente regulamento.

É preceptiva a autorización municipal expresa para aquelas actividades que xustifiquen técnica-

mente a imposibilidade de respectar os límites establecidos.

2. No horario restante da xornada laboral, estas actividades deberán realizarse co máximo coidado a fin de minimizar as molestias e reducilas ás estritamente necesarias.

Artigo 29º. Limpeza e recollida de lixo.

O servizo público nocturno de limpeza e recollida de lixo adoptará as medidas e as precaucións necesarias para reducir ao mínimo o nivel de perturbación da tranquilidade cidadá.

Nos pregos das cláusulas administrativas particulares deste servizo especificaranse, entre as condición de execución, os valores límites de emisión sonora aplicables aos vehículos e á actividade que estes realizan.

Artigo 30º. Dispositivos sonoros.

1. Con carácter xeral non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espallamento, agás nos casos autorizados polo Concello sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as empresas solicitantes estean dadas de alta na Axencia Tributaria.
- b) Que o horario máximo para poder desenvolver a actividade, no Concello do Grove, será de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 21.00 horas.
- c) Que o nivel máximo de decibelios para poder desenvolver esta actividade non supere os establecidos no anexo II desta ordenanza e demais normativa aplicable.

Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá determinada polo Concello.

2. Para os efectos desta disposición enténdese como sistemas de alarma todo dispositivo sonoro que teña por finalidade indicar unha manipulación sen autorización dunha instalación, ben ou local.

3. Co fin de evitar en minimizar as molestias ocasionadas polos sistemas de alarma, deberán terse en conta as normas establecidas nos seguintes puntos:

- a) Os propietarios das alarmas deberán poñer en coñecemento da Policía Municipal os seus datos persoais para que, unha vez avisados do seu funcionamento anómalo, procedan de inmediato á súa interrupción.

O descoñecemento do titular ou persoa responsable por parte da Policía Municipal será entendido como autorización tácita a favor desta para o uso dos medios necesarios para interromper o sistema de aviso.

A anterior medida enténdese sen prexuízo da imposición da correspondente sanción, cando as molestias deriven de actos imputables á actuación do propietario ou industrial subministrador, como consecuencia dunha deficiente instalación do aparello ou dunha falta das operacións necesarias para mantelo en bo estado de conservación.

- b) Prohíbese a activación voluntaria dos sistemas de alarma, agás nos casos de proba e ensaio que se indican:

* *Iniciais:* Serán os casos que se realicen inmediatamente despois das instalacións para comprobar o seu funcionamento. Poderán efectuarse entre as 10.00 e as 18.00 horas da xornada laboral.

* *Rutineiras:* Serán as de comprobación periódica do correcto funcionamento dos sistemas de alarma. So poderán realizarse unha vez ao ano e nun intervalo máximo de 5 minutos, dentro dos horarios anteriormente indicados da xornada laboral. A Policía Municipal deberá coñecer previamente, o plan destas comprobacións coa expresión do día e hora na que se van realizar.

CAPÍTULO IV

INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

SECCIÓN PRIMEIRA

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 31º. Normativa aplicable.

Para o non previsto nesta disposición, será de aplicación:

- * A Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica desenvolvida a través do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.
- * A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- * O Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental.
- * O capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- * O Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- * O Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

- * A Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.
- * O Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
- * A Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

SECCIÓN SEGUNDA

INSPECCIÓN E VIXILANCIA

Artigo 32º. Competencia

1. Correspóndelle ao Concello exercer o control de cumprimento do previsto na presente disposición, conforme o disposto no capítulo II do título III da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, no referente ás denuncias e ás actuación de inspección e vixilancia.

2. Cando o Concello se considere imposibilitado para o exercicio da competencia de inspección, poderá solicitarlle o auxilio en tal función á Administración autonómica, ou ás empresas habilitadas ao respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 33º. Actividade de inspección.

1. O persoal do Concello por si só ou ben acompañado dunha empresa habilitada ou autorizada, debidamente identificado, poderá levar a cabo a visita de inspección ás actividades que se veñan desenvolvendo e ás instalacións en funcionamento para os efectos de comprobar o cumprimento das determinación da presente ordenanza.

Cando para a realización de inspeccións sexa necesario entrar nun domicilio será preceptiva a correspondente autorización xudicial. Nos demais supostos, o persoal, debidamente identificado, estará facultado para acceder ás instalacións ou establecementos, se é o caso, sen previo aviso.

Os propietarios dos establecementos e actividades produtores de rúidos e vibracións deberán permitir a inspección e facilitala.

2. As visitas de inspección poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou logo de solicitude de calquera persoa interesada dirixida á autoridade administrativa competente. As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles ás instancias na lexislación que regulamenta o procedemento administrativo, os datos precisos para a realización da visita de inspección.

Nos casos de recoñecida urxencia, cando os rúidos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente por uso abusivo, deterio-

ración ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude de visita de inspección poderá formularse directamente ante os servizos de inspección tanto de palabra como por escrito.

3. As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións. Para ese fin as medicións relativas ao ruído obxectivo realizaranse logo da citación do responsable do foco ruidoso e as medicións relativas ao ruído subxectivo practícaranse sen coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste último caso poida ofrecerse o responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento.

4. Unha vez concluídas as medicións entregaráselles aos interesados unha copia do resultado destas. As actas emitidas polos órganos competentes gozan de presunción de veracidade en canto aos feitos contidos nelas e constitúen proba dabondo para os efectos do correspondente procedemento sancionador, non sendo que acheguen os interesados algunha proba en contrario. Tal presunción esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnen os requisitos regulamentarios establecidos no punto 6 do Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

SECCIÓN TERCEIRA

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 34º. Infraccións.

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposición deste regulamento. As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, de conformidade co tipificado nos artigos seguintes, de acordo co establecido no capítulo III, título III da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 35º. Faltas leves.

Constitúe falta leve:

- a) A superación dos límites admitidos ata 5 dB (A).
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondente á curva base inmediatamente superior a máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).
- c) Calquera outra infracción as normas da Lei 7/1997, do 11 de agosto, non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave, conforme o disposto no seu artigo 13º.
- d) A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- e) A non presentación dos vehículos ás inspeccións.

- f) A contravención das obrigas previstas nos parágrafos 2, 3, 4 e 5 do artigo 26º desta ordenanza.
- g) A instalación de sistemas de megafonía e equipos musicais en feirais, barracas, tómbolas, así como a venda e proclama de artigos voceando.
- h) A instalación de portas metálicas, persianas de protección, motores e mecanismos de arrastre en garaxes ou locais, sen sistema de amortecemento de impactos.
- i) O uso inxustificado de bucinas ou sinais acústicos no núcleo urbano.
- j) Forzar as marchas dos vehículos de motor ou producir aceleracións innecesarias causándolle ruídos molestos á veciñanza.
- k) Instalar sistemas de sirena ou alarma sen axustarse ás condicións establecidas na presente ordenanza.
- l) Facer funcionar os equipos de música dos vehículos cun volume innecesario ou molesto coas ventás abertas.

Artigo 36º. Faltas graves.

Constitúe falta grave:

- a) A superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).
- c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrución ao labor inspector. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedirlles aos funcionarios competentes a entrada aos recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos neste regulamento.
- e) A reincidencia cuantificada a mesma en 4 faltas leves no prazo de doce meses.
- f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obter a previa autorización ou licenza.
- g) A transgresión ou incumprimento das condicións correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evitar a imposición de sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.
- h) A ocultación ou alteración maliciosa de datos relativos á contaminación acústica achegados

aos expedientes administrativos encamiñados á obtención de autorizacións ou licenzas relacionadas co exercicio das actividades descritas nesta ordenanza.

- i) O funcionamento reiterado de sistemas de megafonía e equipos musicais en feirais, barracas, tómbolas, cando xa fose advertido desta circunstancia.
- l) A instalación ou uso de portas metálicas, persianas de protección, motores e mecanismos de arrastre en garaxes ou locais, sen sistema de amortecemento de impactos, cando fose requirido anteriormente para a corrección da deficiencia.
- m) A realización das condutas cualificadas como faltas leves durante as horas nocturnas
- n) Instalar no interior de edificios de vivendas, no canón de escaleiras dos ditos edificios, ou en patios interiores alarmas do Grupo 1.
- ñ) Non proceder á corrección de deficiencias en sistemas de sirena ou alarma, cando o seu titular, encargado ou usuario fose requirido para facelo.
- o) Instalar, sen obter antes licenza, calquera sistema de sirena ou alarma.

Artigo 37º. Faltas moi graves.

Constitúen faltas moi graves:

- a) A superación en máis de 15 dB (A) dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondente a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).
- c) A reincidencia cuantificada a mesma en 2 faltas graves no prazo de 12 meses.
- d) O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

Artigo 38º. Sancións.

As infraccións aos preceptos deste regulamento sancionaranse de acordo co establecido na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

- a) Infraccións leves, con multa desde 60,10 ata 1.502,53 euros.
- b) Infraccións graves, con multa desde 1.502,54 ata 9.015,18 euros, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c) Infraccións moi graves, con multa desde 9.015,19 ata 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.

Artigo 39º. Atenuantes.

Sempre que a comisión da infracción se produza por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fixese nun prazo de 48 horas, reducíndoa ao nivel autorizado, a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

Artigo 40º. Clausura.

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ao cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtuar o resultado da inspección.

Artigo 41º. Medidas complementarias.

Na resolución que poña fin ao procedemento sancionador poderá acordarse, á parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumprise voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 3.005,06 euros cada unha. Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 42º. Prescrición.

As infraccións ás que se retire este regulamento prescribirán nos seguintes prazos, desde a comisión do feito:

- a) Seis meses, no caso de infraccións leves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Artigo 43º. Medidas cautelares.

Coa independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu momento se dite, con carácter cautelar o Concello poderá acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o re-

quirimento municipal resultase incumprido no prazo que para os efectos se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na actuación infractora. Estas medidas adoptaranse despois de audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

CAPÍTULO V

ACCIÓN MUNICIPAL

Artigo 44º. Acción municipal.

A acción municipal en materia de contaminación acústica concretarase non programa xeral de actuacións baseado nos seguintes principios e criterios:

1. Prevención, corrección e mellora.
2. Información.
3. Concienciación.

Como punto de partida haberá que coñecer o grao de concienciación da cidadanía ante o problema para, posteriormente, introducir hábitos de conduta compatibles cun maior benestar.

O Concello establecerá un programa de auditoría interna bianual como método de seguimento do programa de actuación dos que os seus resultados evidenciarán a necesidade de revisión dos obxectivos marcados por el.

Disposición adicional.

O Concello realizará un estudo das características acústicas (mapa acústico) de cada unha das áreas existentes no municipio citadas no anexo II, establecéndose as áreas de forma definitiva, fixándose os obxectivos de evolución dos parámetros de calidade acústica destas, e dispoñendo os medios necesarios para a vixilancia e control dos parámetros de calidade de cada unha das zonas.

Unha vez fixados os obxectivos de calidade das zonas, o Concello establecerá os plans de acción de aplicación de cada unha delas, co obxecto de acadar as melloras dos parámetros acústicos na medida do posible, utilizando as medidas de vixilancia e control citados anteriormente.

Nos orzamentos municipais irá parella a aprobación dunha partida económica, tanto para o estudo técnico e a elaboración do mapa acústico como para os medios necesarios para pór en valor o plan de acción municipal segundo os criterios de prevención, corrección, mellora, información e concienciación. Débese tamén recoller na dita partida financiamento para a realización da auditoría interna bianual.

Disposición transitoria.

Os titulares de actividades, instalacións ou prestacións de servizos autorizados con anterioridade á aprobación da presente disposición, e que non se axusten aos contidos dela, dispoñen dun período de seis meses desde a súa entrada en vigor para adaptárense á presente ordenanza.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango e que regulen materias contidas na presente normativa, en canto se opoñan ou a contradigan.

A N E X O I

Con independencia das restantes limitacións desta ordenanza, no interior de calquera recinto, aberto ou pechado, destinado a reunións, espectáculos audicións musicais (como discotecas, bares musicais e similares), non poderán superarse niveis sonoros máximos de 90 dBA, en ningún punto do local destinado ao uso dos clientes, excepto que no acceso ou accesos ao referido espazo se coloque o aviso seguinte:

ATENCIÓN

A PERMANENCIA NO INTERIOR DESTE LOCAL
PODE PRODUCIR DANOS PERMANENTES NO OÍDO

O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación, e estará adaptado en formato, rotulación e cores ao modelo deste anexo.

Dimensións da placa:	408 mm x 262 mm
Material soporte:	Chapa de aceiro galvanizado con tratamento anticorrosión
Color do fondo:	Amarelo
Texto:	En negro, con letras de 19 mm de altura No texto figurará a palabra "ATENCIÓN" en letras vermellas de 54 mm de altura
Iluminación:	Directa, con lámpadas de seguridade de 100 W Admitirase igualmente o uso de lámpadas PL ou SL cun mínimo de 25 W de consumo, equivalentes a 6.088 lumens

Igualmente os titulares de actividades de locais públicos nos que se dispoña de equipo de música, ou nos que se desenvolvan actividades musicais, estarán obrigados a dispoñer dunha placa situada no exterior e perfectamente visible que indique o nome, situación e categoría do local, número de licenza de apertura, aforo máximo permitido, niveis de presión sonora máximos (en dBA) autorizados no interior e horario de funcionamento autorizado.

As ditas placas adaptadas en formato, rotulación e cores ao modelo seguinte, serán homologadas polo Concello:

Dimensións da placa:	220 x 180 mm
Material soporte:	Metacrilato
Color do fondo:	Branco
Texto:	En negro, con letras de 4 mm de altura Concello do Grove (escudo) Nome do local: Situación: Número de licenza de apertura: Tipo de licenza de apertura Aforo máximo permitido no interior: Niveis de presión sonora máximos (en dBA) autorizados no interior:

_____ Horario autorizado de apertura e peche:



A N E X O I I

PROCEDEMENTO PARA A MEDICIÓN
DE RÚIDOS E VIBRACIÓN*MEDICIÓN:**1. Definicións e unidades.*

Absorción A: é a magnitude que cuantifica a enerxía extraída do campo acústico cando a onda sonora atravesamos un medio determinado ou no choques desta coas superficies límites do recinto.

Illamento a ruído aéreo en dB(A): é a expresión en dB(A) de illamento acústico aparente, medido segundo as condicións sinaladas na norma UNE 74-040/4. Defínese mediante a seguinte expresión: $R=L_1-L_2+10 \log S/A$ dB, onde L_1 nivel de presión sonora na sala emisora; L_2 , nivel de presión sonora na sala receptora; A , é a área de absorción equivalente, en metros cadrados; S , é a área do tabique común en metros cadrados (se é inferior a 10 m², introducirase este valor).

Bandas de frecuencias chamadas de oitava: a relación entre as súas frecuencias superior e inferior é de 2,1. Estas bandas defínense pola súa frecuencia central, e internacionalmente consideráronse dentro do espectro audible as seguintes bandas: 31,5, 63, 125, 250, 500, 1.000, 2.000, 8.000 e 16.000 Hz.

Campo sonoro: Unha rexión dun medio elástico (como o aire) que contén ondas sonoras.

- Campo libre: é un campo nun medio isotrópico homoxéneo cuxos límites exercen unha influencia insignificante sobre as ondas sonoras.
- Campo sonoro difuso: é aquel no que as ondas reflectidas chegan a todos os puntos do recinto desde diferentes direccións, sendo todas elas igualmente probables.

Decibelio: Defínese como dez veces o logaritmo decimal da relación de dúas magnitudes homoxéneas e tomándose unha delas como referencia. As magnitudes acústicas poderán expresarse en decibelios mediante os niveis de potencia sonora e de presión sonora.

Emisores: Enténdese por emisores calquera dispositivo ou aparello, ou unha combinación deles, que cando está en funcionamento produce un nivel de ruído que causa molestia no seu contorno. Considéranse emisores:

- Instalacións e actividades industriais cuxo funcionamento leva asociado un proceso secundario de xeración de ruído.
- Instalacións de recreo, ocio e culturais (bares, pubs, discotecas, cafeterías, restaurantes, estadios, instalacións deportivas, pistas de carreiras, prazas de touros, feiras, parques de atraccións) cuxo propósito é proporcionar distracción, diversión, etc. e que poden xerar niveis de ruído molestos.
- Tráfico, considerando por tal calquera combinación dos medios de transporte e a infraestrutura necesaria.
- Maquinaria e equipos, entendéndose como dispositivos non propulsados polo home que non sexan parte dunha instalación industrial, nin de tráfico, incluíndose neles maquinaria da construción ou equipos musicais.

Frecuencia: É o número de pulsacións dunha onda acústica sinoidal ocorridas no tempo dun segundo. É equivalente á inversa do período (a unidade é o Hertzio).

Fonte de ruído: É un sistema de xeración de ruído (un altafalante) con capacidade de emisión en bandas de frecuencia, con capacidade de xerar ruído branco e ruído rosa.

Nivel continuo equivalente (L_{aeq}, T): É o nivel de presión acústica eficaz ponderado e calculado o termo medio durante un tempo de medida.

$$L_{p,Leq,T} = 10 \text{ Log } \left\{ \frac{1}{T} \int_0^T (P_s^2(t) / P_0^2) dt \right\}$$

$$L_{p,Leq,T} = 10 \text{ Log } \left[(t_i/100) 10^{0,1L_{pAi}} \right]$$

Onde: $t_i/100$ é o valor numérico da porcentaxe de tempo da duración total do ensaio, T, correspondente ao nivel de presión acústica L_{pAi} cos L_{pi} dispostos en intervalos de clase inferiores ou iguais a 1 dB; L_{pAi} son os niveis de presión acústica ponderados A obtidos cunha instrumentación que cumpra os requisitos esixidos aos aparellos de clase I na norma IEC-651, UNE-EN 60.651, utilizando a característica temporal lenta.

Nivel de contaminación por ruído: é utilizado para valorar e cuantificar os problemas de ruído ambiental, tendo en conta as molestias producidas polas variacións de nivel arredor do valor medio. Vén definido por: $LPN = Leq + 2,56o$, sendo o a desviación estándar do valor principal.

Nivel de potencia dun son (L_w): defínese como:

$L_w = 10 \cdot \log(WI/W_0)$. Na que W_0 representa o nivel de referencia (nivel de potencia máis baixo que pode percibir o oído humano (10 -12 wátios/m²).

Nivel de presión acústica (L_{pA}) en decibelios, dB(A)-submúltiplo do Belio- queda definido pola relación: $L_{pA} = 10 \log (PA/P_0)^2$ sendo:

P_A -Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme á curva de referencia normalizada (A).

P_0 -Presión acústica de referencia, de valor: 2×10^{-5} Nw/m² (pascais). Limiar de audición para un oído san a unha frecuencia de 1.000 Hz.

Nivel sonoro máximo: é o nivel sonoro máis alto con ponderación temporal exponencial, en dB, que se produce durante un período de tempo determinado. Cando se mide o nivel de pico de presión sonora hai que usar a largura de banda máis ampla do sistema de medición, co fin de incluír todos os compoñentes de frecuencia significativos dun sinal de curta duración.

Oitava: é o intervalo de frecuencia comprendido entre unha frecuencia determinada e outra igual ou dobre da anterior.

Onda acústica: vibración do aire caracterizada por unha sucesión periódica no tempo e no espazo de expansións e compresións.

Potencia acústica: defínese como a enerxía sonora por unidade de tempo que atravesa a unidade de superficie.

Receptores: defínese como toda aquela edificación ou área reservada para un uso determinado,

exposta a ruído de emisores exteriores. Divídense segundo os criterios de niveis sonoros requiridos e de calidade ambientais en: a) silencioso (áreas sanitarias), docentes, edificios e áreas culturais como teatros). b) Non ruidoso (vivendas, residencias temporais, como hoteis, e áreas recreativas e deportivas non masivas). e) Pouco ruidoso (oficinas, edificios de servizos públicos, locais e centros comerciais, instalacións da defensa, restaurantes, bares, áreas deportivas de asistencia masiva). d) Ruidoso (industrias, estacións de viaxeiros).

Redes de ponderación: consisten nuns filtros electrónicos que modifican os sinais sonoros para cada banda de frecuencia. Na actualidade, o filtro máis utilizado é o designado como A. Cando se mide utilizando a rede de ponderación A, obtéñense os niveis sonoros expresados en dB(A).

Ruídos branco e rosa: son ruídos utilizados para efectuar as medidas normalizadas.

Son: é unha sensación auditiva producida por unha onda acústica.

Tempo de reverberación: é o tempo en que a presión acústica se reduce á milésima parte do seu valor inicial (tempo en que tarda en reducirse o nivel de presión en 60 dB) unha vez cesada a emisión da fonte sonora. Calcúlase mediante a expresión $T = 0.163 V/A$, onde A é a área de absorción equivalente, en metros cadrados; V é o volume da sala de recepción en metros cúbicos; T é o tempo de reverberación en segundos, na sala de recepción.

Vibración: dise que un corpo vibra cando as súas partículas oscilan respecto dunha posición de equilibrio.

2. Clasificación do ruído.

O ruído xerado por un emisor poderá ser dos seguintes tipos:

Ruído obxectivo: é aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona de maneira automática, autónoma ou aleatoria, sen que interveña ningunha persoa que poida variar as condicións de funcionamento da fonte.

Ruído subxectivo: é aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante cuxas condicións de funcionamento quedan supeditadas á vontade do manipulador ou titular da antedita fonte.

Para os efectos da medición de ruídos e vibracións, considérase dividido o día en dous períodos horarios, que se denominan:

- a) *Diurno*: Que comprende desde as 8.00 ata as 22.00 horas.
- b) *Nocturno*: Que comprende desde as 22.00 ata as 8.00 horas.

3. Zonas de sensibilidade acústica.

1. Clases de zonas e recintos.

Enténdese por zona de sensibilidade acústica aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.

Será competencia do Concello a definición das zonas de sensibilidade acústica, que se especificarán e clasificarán de acordo cos seguintes criterios:

- a) Zona de alta sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.
- b) Zona de moderada sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha percepción do nivel sonoro medio como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.
- c) Zona de baixa sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha percepción do nivel sonoro elevado como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.
- d) Zona de servidume: sectores do territorio afectados por servidumes sonoras en favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen.
- e) Zonas específicas xustificadas por usos do solo ou a concorrencia doutras causas.

2. Os valores de recepción axustaranse aos sinalados no artigo 8 do anexo da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, adscribíndolle a cada zona cinco tipos diferentes de recintos, os cales se clasificarán segundo os usos en:

Tipo I: dormitorios en edificios sanitarios, clínicas ou centros de repouso, auditorios, teatros de ópera.

Tipo II: dormitorios en vivendas, consultorios médicos, dormitorios de hoteis, teatros.

Tipo III: salas de estar, aulas de ensino, centros de culto, bibliotecas, oficinas de dirección, cines, salas de exposicións, museos.

Tipo IV: usos comúns de vivendas, corredores, cociñas, recibidores, salas de espera, laboratorios.

Tipo V: comercios, restaurantes, polideportivos, piscinas cubertas, estacións de viaxeiros.

3. Os concellos ou a comunidade autónoma efectuarán, se o consideran necesario, un estudo sobre a existencia no seu territorio de zonas onde o ruído xerado polas actividades humanas sexa tan baixo que mereza a protección dos ruídos de orixe natural, podendo desenvolver un plan de conservación de rexións silenciosas, optando ás axudas oficiais que, de ser o caso, se aproben.

MEDICIÓNS:

Co fin de ponderar, diferenciar e medir os diversos ruídos, coa maior precisión e racionalidade posible, efectúase de seguido unha primeira clasificación do ruído en función das características ambientais nas que se desenvolve.

Obtense, deste xeito, dous niveis que representan unha diversidade de ruídos, con características comúns, e que se definen a continuación:

a. *Nivel de emisión:*

É o nivel de presión acústica orixinado por unha fonte sonora. O nivel de presión acústica (LpA) en decibelios, dB (A), submúltiplo do belio, queda definido pola relación:

$$LpA = 10 \log (PA / P0)2. \text{ Sendo:}$$

PA = Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme á curva de referencia normalizada (A).

P0 = Presión acústica de referencia, de valor 2×10^{-5} Nw/m². Umbral de audición para un oído saudable para unha frecuencia de 1.000 Hz.

O nivel continuo equivalente (LAeq,T) é o nivel de presión acústica eficaz ponderado e termo medio durante un tempo de medición.

$$LAeq,T = 10 \log [1/T \int_0^T (Pa^2(t)/P0^2) dt]$$

Ou alternativamente mediante a ecuación:

$$LAeq,T = 10 \log [\sum (ti/100) 100.1 LpAi]$$

Onde: ti/100 é o valor numérico da porcentaxe de tempo da duración total do ensaio.

T, corresponde ao nivel de presión acústica LpAi cos Lpi dispostos en intervalos de clase inferiores ou iguais a 1 dB.

LpAi son os niveis de presión acústica ponderados, A, obtidos cunha instrumentación que cumpra os requisitos esixidos aos aparellos de clase 1 nas normas UNE-EN 60651:96 e UNE-EN 60651/A1:97, utilizando a característica temporal lenta.

- Nivel de emisión interno (NEI). É o nivel de presión acústica existente nun determinado local, onde funcionen unha ou máis fontes sonoras.

- Nivel de emisión externo (NEE). É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes sonoras que funcionen no espazo libre exterior.

b. *Nivel de recepción:*

É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar, orixinado por unha fonte sonora que funciona nun lugar distinto.

Nivel de recepción interno (NRI). É o nivel de recepción medido no interior dun local.

Distínguense dúas actuacións:

Nivel de recepción interno con orixe interna (NRII). É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio confinante.

Nivel de recepción interno con orixe externa (NRIE). É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espazo libre exterior.

Nivel de recepción externo (NRE). É o nivel de recepción medido nun determinado punto, situado no espazo libre exterior.

Co fin de diferenciar e medir con simplicidade e eficacia os diversos ruídos, efectúase unha caracterización do ruído tendo en conta a variación deste en función do tempo. Deste xeito, considéranse os ruídos que se definen a continuación:

1. Ruído continuo: é aquel que se manifesta ininterrompidamente durante máis de dez minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruídos, diferéncianse tres categorías:

1.1. Ruído contínuo-uniforme: é aquel ruído continuo cuxo nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, se mantén constante ou ben os límites en que varía difiren en menos de +-3 dB (A), en períodos de medición de dous minutos.

1.2. Ruído contínuo-variable: é aquel ruído cuxo nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, varía entre uns límites que difiren entre +-3 y +-6 dB(A).

1.3. Ruído contínuo-flutuante: é aquel ruído cuxo nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medida, varía entre uns límites que difiren en +-6 dB(A).

2. Ruído transitorio: é aquel que se manifesta ininterrompidamente durante un período de tempo igual ou menor de cinco minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruído, diferéncianse tres categorías.

2.1. Ruído transitorio-periódico: é aquel ruído que se repite con maior ou menor exactitude, cunha periodicidade cuxa frecuencia é posible determinar.

2.2. Ruído transitorio-aleatorio: é aquel ruído que se produce de forma totalmente imprevisible, polo que para a súa correcta valoración é necesario unha análise estatística da variación temporal do nivel sonoro durante un tempo suficientemente significativo.

3. Ruído de fondo: o ruído existente nun determinado ambiente ou recinto, cun nivel de presión acústica que supera o 90% dun tempo de observación suficientemente significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

Niveis equivalentes. niveis sonoros integrados durante un período de tempo suficiente para ser representativos da incidencia do ruído procedente de fontes interiores ou exteriores. Este período poderá variar desde 1 a 60 minutos en función do lugar e tipo do ruído.

REALIZACIÓN DAS MEDICIÓNES:

Estarase ao previsto no anexo 1 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

As medicións realizaranse de acordo co establecido no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio, como se especifica a continuación:

1. Persoal municipal competente (especificarase quen é) será o encargado de facer as comprobacións dos niveis sonoros incidentes nun recinto, cando a ocorrencia do ruído sexa representativa dunha situación de carácter continuada.

Estas comprobacións realizaranse sen determinación horaria, preferentemente ás horas nas que a incidencia no receptor sexa maior.

2. Os equipos de medida serán os que se determinan a continuación, segundo as seguintes fontes de enerxía acústica:

Ruídos:

Os ruídos mediranse mediante sonómetros, instrumentos deseñados e construídos para responder ao son de forma similar a como reacciona o oído humano, podendo obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora.

O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do nivel acústico, do illamento acústico e do nivel de vibración será do tipo 1. Os ditos sonómetros deber ser integradores e analizadores con posibilidade de obtención de datos estatísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario utilizar instrumentación que cumpra a norma IEC-804, UNE-EN 60.804.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros será aplicable o establecido nas normas IEC-651-79 e UNE 60.651. O micrófono utilizado será de campo libre e estará orientado naquela dirección en que a resposta en frecuencia sexa máis uniforme.

Para asegurar a fiabilidade da medición, todas as que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

Ao inicio e ao final de cada medición acústica efectuarase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollerase no informe de medición, así como o contraste, polo menos anualmente, cun laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.

Determinación do nivel de ruído e vibración.

1. A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos conforme a rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A), definida na norma UNE-EN 60.651.

2. A posta en estación do equipo de medición realizarase de conformidade cos requisitos establecidos no Regulamento de protección contra a conta-

minación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio, que desenvolve a lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, de acordo coas características ambientais nas que se desenvolve o ruído obxecto da medición.

3. A característica introducida no equipo de medición (lento, rápido ou estatístico) será a establecida no regulamento da lei, en función da variación do ruído respecto do tempo (artigo 2 deste anexo).

As vibracións son unha causa de contaminación acústica producida polo inadecuado funcionamento de máquinas ou instalacións.

As vibracións mediranse con acelerómetros, aos que se lles conectará un sonómetro que realizará as funcións de análise e valoración.

4. A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo con establecido na norma ISO-2631-2, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración expresada como valor eficaz (rms) en m/s^2 e corrixida mediante a aplicación das ponderacións de acordo co establecido na norma ISO-2631-1, apartado 3.5.

5. Para cuantificar a intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes:

5.1. Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

5.2. Medición do espectro da vibración considerada en bandas de terzo de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén o dito espectro.

Para o caso de variación dos resultados obtidos por un outro sistema considerarase o valor máis elevado.

Medición do illamento acústico.

A medición do illamento acústico, esixido ás distintas particións e solucións construtivas que compoñen os diversos recintos das edificacións, realizarase seguindo as prescricións establecidas na norma UNE 74-040.

Técnicas de medida del ruído ambiental interior.

Para a valoración do ruído ambiental interior, utilizarase o nivel sonoro continuo equivalente, expresado en decibelios ponderados coa rede de ponderación A, $Leq\ dB(A)$ ($LeqA$), conforme a norma UNE-EN ISO 140-4:99. Neste caso non é necesario que os sonómetros tamén sexan analizadores. No caso de medicións inferiores a 60 minutos, considerarase a constante temporal Slow (resposta lenta), segundo a norma UNE-EN 60651/A1:97. En medicións cunha duración superior a 60 minutos, realizarase a valoración dos niveis de ruídos mediante o parámetro LNP - $Le-qA + 2,56 \Psi_0$, sendo Ψ_0 a desviación típica (de $LAeq\ 1s$).

As medidas dos niveis de recepción do ruído no interior do local afectado realizaranse no lugar onde os niveis sexan máis altos, e, se fose preciso, no momento e situación no que as molestias sexan máis acusadas.

A medición no interior dun recinto receptor realizarase seguindo as seguintes indicacións:

O micrófono situase o menos a 1 m de separación de calquera superficie.

A medida realizarase con portas e ventás pechadas, co obxecto de que o ruído de fondo sexa o mínimo posible, eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda.

O observador situarase no plano normal ao eixe do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida, intentando evitar o efecto pantalla.

Para evitar a distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e xiraráse no interior do ángulo sólido determinado por un octante, fixándoo na posición na que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

A duración da medida variará en función do tipo de ruídos que se intenta medir. Esta debe referirse a un período de tempo adecuado e escollerase en función do carácter das variacións do ruídos.

Efectuaranse tres rexistros ou tomas de datos en cada posición de medida; o valor que se debe considerar para a medición será a media logarítmica dos tres rexistros realizados.

De acordo con isto, as valoracións de medición serán as seguintes:

Ruído continuo uniforme. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), sendo o tempo de medida de cada rexistro de 15 s. O parámetro de medición a utilizar será o LeqA.

Ruído continuo variable. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), sendo o tempo de medida de 30 segundos. O parámetro de medición para utilizar será o LeqA.

Ruído continuo fluctuante. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), con tempo de medida de cada rexistro de 5 minutos. O parámetro de medición para utilizar será o LeqA.

Ruído transitorio periódico. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow). Durante o período que se produce o ruído, realizaranse, a ser posible, tres tomas de datos cuns tempos de medida que sexan, se e posible, de 20 seg. O parámetro de medición para utilizar será o L10.

Ruído transitorio aleatorio. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación

(A) e posición lenta (Slow). Durante o período durante o que se produce o ruído, realizaranse cando menos dous rexistros que teñan en conta dúas situacións aleatorias do ruído diferentes e cuns tempos de medida que serán, a ser posible, de 30 s. O parámetro de medición será o percentil L10.

Ruído de fondo. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow). Para a determinación deste ruído, realizarase unha toma de datos de, a ser posible, 15 segundos do período de tempo representativo e tomarase como valor de medición o percentil L90.

Presentarase un informe cos resultados obtidos, no que se recollerá:

- Situación e descrición do recinto emisor e recinto receptor. Acompañarase un bosquexo aproximativo.
- Localización e natureza das fontes sonoras.
- Posicionamento do equipo de medida.
- Resultados obtidos, acompañados das listaxes correspondentes do sonómetro empregado.
- Instrumentación empregada.
- Límites en vigor.
- Conclusións obtidas.

Técnicas de medida do ruído ambiental exterior.

A valoración dos niveis de ruído realizarase mediante o parámetro Leq, expresado en dB(A), e valorado coa constante de tempo Slow (resposta lenta), segundo a norma UNE-EN 60651/A1:97. As medicións do ruído ambiental exterior realizarase seguindo as seguintes indicacións:

O micrófono de medida estará situado a 1,5 m da fachada e a unha altura superior a 1,2 m. No caso de que non se poida colocar o micrófono a 1,5 m da fachada, colocarase o máis aproximado á dita distancia, e farase notar no informe.

O observador situarase no plano normal ao eixo do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida intentando evitar o efecto pantalla.

Para evitar a distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e xirarase no interior dun ángulo sólido determinado por un octante, fixarase a posición no que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

Para asegurar a fiabilidade das medidas, todas as medicións que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento. Para evitar o efecto do vento, de se estimar que a súa velocidade é superior a 3m/s, desistirase da medición.

Para evitar os efectos da humidade, deberán realizarse as medicións dentro dun grao de humidade compatible coas especificacións do equipo de medida.

A instrumentación utilizada cumprirá as esixencias UNE-EN 60651:96, Tipo 1, ou outro equipo, ou

cun resultado final ao dun sonómetro integrador. As medicións de illamento efectuaranse sempre que se poida respecto á vivenda máis próxima á fonte de ruídos, ou á máis afectada.

Presentarase un informe cos resultados obtidos, no que se recollerá:

- Situación e descrición da zona de medida.
- Localización e natureza das fontes sonoras (fixas ou móbiles).
- Posicionamento do equipo de medida.
- Bosquexo aproximativo da medición.
- Resultados obtidos. Instrumentación empregada.
- Límites en vigor.
- Conclusións obtidas.

Técnicas de medida do illamento a ruído aéreo.

Illamento a ruído aéreo de paredes interiores, teitos e portas entre locais:

O illamento a ruído aéreo en dB(A) é a expresión en dB(A) do illamento acústico aparente, medido segundo as conducións sinaladas na norma UNE-EN ISO 140-4:99.

Entre dúas salas, calcúlase a partir da diferenza de niveis de presión sonora entre o recinto fonte e o receptor e máis un factor que teña en conta a absorción da sala receptora.

Deberán amosarse o cálculo dos índices de illamento bruto (D), illamento normalizado (DN), illamento estandarizado (DNT), e índice de redución sonora aparente (R'), así coma os índices de adaptación espectral C e Ctr (Norma UNE-EN ISO 717-1) para cada un deles, entre as frecuencias 100 e 3150 como mínimo. Tamén deberá amosarse nunha táboa as catro curvas de illamento referentes a cada un dos índices pedidos.

Para a valoración final do illamento acústico será a correspondente á suma do illamento estandarizado máis o seu correspondente índice de adaptación espectral (Dnt + C) expresado en dBA.

Illamento a ruído aéreo de fachadas:

A pesar de que a Norma UNE-EN ISO 140-5 regula as medicións de illamento a ruído aéreo de fachadas, dado que este se basea na protección de recintos interiores fronte ao ruído do exterior, en contra do que se pretende neste punto da ordenanza, que é a protección do exterior fronte ao ruído xerado no interior dun recinto, as medicións de illamento cara a ambientes exteriores realizaranse segundo os procedementos indicados na Norma UNE-EN ISO 140-4, tomando como recinto receptor o ambiente exterior, a 3 metros da liña de fachada ou do límite da propiedade do titular do foco de ruído.

Os cálculos realizaranse en bandas de 1/3 de oitava, entre 100 e 3150 Hz, obtendo para cada

banda o valor da diferenza de niveis. Obterase desta maneira o valor de Dw (100-3150 Hz) expresado en dBA.

Técnicas de medida das vibracións.

Seguirase o disposto na Norma ISO 2631-1.

Para a avaliación das vibracións teranse en conta as seguintes recomendacións á hora de fixar o acelerómetro:

Situarse no parámetro e no punto de máxima perturbación. Se fose difícil a determinación do citado punto, realizaranse varias medicións ata a súa avaliación.

A superficie onde se fixe deberá ser o máis uniforme e lisa que sexa posible, de xeito que se consiga unha transmisión óptima das vibracións.

O transdutor deberá fixarse da forma máis adecuada para cada caso, de xeito que se garanta unha correcta transmisión das vibracións. Tomaranse 3 puntos de mostraxe como mínimo.

Valoración do ruído ambiental interior.

Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído se observase a existencia de ruído alleo á fonte de sonora obxecto da medición e se estimase que o dito ruído lle puidese afectar ao resultado desta, efectuarase unha corrección por ruído de fondo, tal e como se indica de seguido.

A corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo (ruído medido coa actividade ou instalación ruidosa preparada), realízanse conforme a estas indicacións:

Para establecer a corrección pola influencia do ruídos de fondo, este medirase utilizando o mesmo parámetro de medición e procedemento que se utilizou para a determinación do ruído producido pola fonte sonora.

Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte dos ruídos de fondo é igual ou inferior a 3dB (a), darase por nula a medición, ao ser o nivel de fondo demasiado elevado para permitir efectuar unha medición correcta.

Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte e o ruído de fondo é maior que 3 e menor ou igual que 10 dB (a), para obter o nivel de ruídos da fonte corrixido polo ruído de fondo existente no momento da medición, aplicarase a fórmula: $L_p \text{Corrixido} = 10 \text{Log}(10^{L_{pa}/10} - 10^{L_{pa \text{ fondo}}/10})$.

Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte dos ruídos de fondo é maior que 10 dB (a), o nivel de ruídos da fonte non precisa corrección pola influencia do ruído de fondo.

En todos os casos, se o valor do nivel do ruído de fondo superase o límite máximo aplicable autorizado, non se considerará válida a medición, e deberase intentar noutro momento no que o ruídos de fondo sexa menos elevado.

Para a realización da valoración do ruído, e polo tanto a súa comparación cos niveis marcados na lei, partírase dos niveis medidos polo procedemento fixado no artigo 11 do Regulamento contra contaminación acústica (DOG do 27/05/1999) aos cales lles haberá que sumar, se é o caso, a seguinte corrección debida ás súas características impulsivas ou tonais:

Ruído impulsivo (marteleo): +3 dB(A)

Tons puros (asubío): +3 dB(A)

Coa aplicación dos procedementos establecidos, non se poderán superar os límites establecidos nas táboas 1 e 2, valores de recepción.

Valoración do ruído ambiental exterior.

Cando o nivel sonoro ambiental ou nivel sonoro existente no punto de medición, que será perceptivo determinar previamente suprimindo a emisión das fontes sonoras obxecto de comparación, superase o nivel sonoro establecido ou nivel de fondo, considéranse circunstancialmente como límites autorizados.

NIVEIS DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS ADMISIBLES

Regra xeral:

Ningunha fonte sonora poderá emitir nin transmitir niveis de ruído ou vibracións tales que produzan niveis de recepción superiores aos fixados nas táboas 1 e 2 seguintes, de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, recreativa ou doutra natureza, ou ben por tradicional consenso da poboación, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar, con carácter temporal, en determinadas zonas do núcleo urbano, os niveis aos que se fan alusión nas citadas táboas, ao mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ao máximo as molestias á cidadanía.

Valores de recepción:

Os valores de recepción son os niveis de avaliación máximos recomendados no ambiente exterior ou interior, e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica. Estes valores medíranse na forma e nas condicións sinaladas no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, sendo como máximo os seguintes:

1. Os valores de recepción do ruído no ambiente interior son os seguintes (todos eles L_{pAeq}):

Zona de sensibilidade acústica	De 8:00 a 22:00 h	De 22:00 a 8:00 h
A: Alta sensibilidade	30 dBA	25 dBA
B: Moderada sensibilidade	35 dBA	30 dBA
C, D: Baixa sensibilidade e servidume	40 dBA	35 dBA

2. Os valores de recepción do ruído no ambiente exterior son os seguintes (todos os valores son L_{pAeq}):

Zona de sensibilidade acústica	De 8:00 a 22:00 h	De 22:00 a 8:00 h
A: Alta sensibilidade	60 dBA	50 dBA
B: Moderada sensibilidade	65 dBA	55 dBA
C: Baixa sensibilidade	70 dBA	60 dBA
D: Servidumes e outras zonas específicas	75 dBA	65 dBA

3. Os valores de recepción das vibracións no ambiente interior son os seguintes:

Uso do recinto afectado	Período	Curva base
Sanitario	Diúrno	1
	Nocturno	1
Residencial	Diúrno	2
	Nocturno	1,4
Oficinas	Diúrno	4
	Nocturno	4
Almacén e comercial	Diúrno	8
	Nocturno	8

Nivel sonoro emitido por vehículos de motor:

a. Valores límite do nivel sonoro emitido por vehículos de motor.

1.—Para tractores agrícolas, ciclomotores e vehículos de motor de cilindrada non superior a 50 cc, de fabricación de serie, os límites máximos admitidos de emisión de nivel sonoro serán, segundo a lexislación vixente (Decreto 1439/72, do 25 de maio):

- Vehículos de dúas rodas: 81 dB(A).
- Vehículos de tres rodas: 83 dB(A).
- Tractores agrícolas:
 - Con potencia ata 200 CV DIN: 90 dB(A).
 - Con potencia de máis de 200 CV DIN: 93 dB(A).

2.—Para motocicletas, o nivel sonoro non debe superar os límites seguintes, fixados polo Acordo de Xenebra, do 20 de marzo de 1958, e decreto que o desenvolve, publicado no BOE núm. 119, o 2 de maio de 1982.

Motocicletas de cilindrada:

- £ 80 cc 80 dB(A).
- £ 129 cc 80 dB(A).
- £ 350 cc 83 dB(A).
- £ 500 cc 85 dB(A).
- > 500 cc 86 dB(A).

3.—Para o resto de vehículos automóbiles, o valor sonoro non debe superar os seguintes límites (Acordo de Xenebra, do 20 de marzo de 1958 e decretos que o desenvolven publicados no BOE o 23 de novembro de 1974 e o 22 de xuño de 1983).

- Vehículos da categoría M1 80 dB(A)
- Vehículos da categoría M2 con PMA = 3,5 toneladas 81 dB(A)
- Vehículos da categoría M2 con PMA = 3,5 toneladas e vehículos da categoría M3 82 dB(A)
- Vehículos das categorías M2 e M3 con motor de potencia 145 Kw (ECE) ou máis. 85 dB(A)
- Vehículos de categoría N1 81 dB(A)
- Vehículos de categorías N2 e N3 86 dB(A)
- Vehículos de categoría N3 con motor de potencia 147 Kw (ECE) ou máis 88 dB(A)

b. Clasificación de vehículos.

Os vehículos clasifícanse nas seguintes categorías:

- Ciclomotores e motocicletas: vehículos de motor que teñan dúas rodas e dotados de cambio de velocidade automático ou manual.
- Categoría M: vehículos de motor destinados ao transporte de persoas e que teñan catro rodas polo menos, ou tres rodas e un peso máximo que exceda dunha tonelada.
- Categoría M1: vehículos destinados ao transporte de persoas con capacidade para oito prazas sentadas, como máximo, ademais do asento do condutor.
- Categoría M2: vehículos destinados ao transporte de persoas con capacidade de máis de oito prazas sentadas, ademais do asento do condutor, e que teñan un peso máximo que non excedan de cinco toneladas.
- Categoría M3: vehículos destinados ao transporte de persoas con capacidade de máis de oito prazas sentadas, ademais do asento do condutor, e que teñan un peso máximo que exceda das cinco toneladas.
- Categoría N: vehículos de motor destinados ao transporte de mercadorías e que teñan catro rodas, polo menos, ou tres rodas e un peso máximo que exceda dunha tonelada.
- Categoría N1: vehículos destinados ao transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que non exceda de 3,5 toneladas.
- Categoría N2: vehículos destinados ao transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 3,5 toneladas pero no exceda de 12.
- Categoría N3: vehículos destinados ao transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 12 toneladas.

PROCEDEMENTO DE MEDICIÓN DE NIVEL SONORO EN VEHÍCULOS

- PROCEDEMENTO DE MEDIDA
- Calibración antes e despois da sesión
- 3 medicións de LpA Fast Máxima
- Réxime de motor-potencia máxima e baixada a ralenti


- As desviacións entre as tres medicións ha de ser menor de 2 dB
- Utilizarase o resultado maior das tres medicións
- Penalizarase se o valor obtido supera en 5 dB ou máis o valor límite da ficha do vehículo

Límites máximos do nivel sonoro en vehículos

CICLOMOTORES:

Estarase ao disposto no Decreto 1493/72 ou calquera outro que o substitúa.

Práctica das medidas cos vehículos parados:



- INFORME
- Tipo de vehículo
- Localización, superficie de apoio e condicións ambientais
- Posicionamento do micrófono
- Revolucións do vehículo
- Valor máximo das medidas de LpAmax
- Valor de ruído de fondo obtido

*PERSOAL COMPETENTE PARA A REALIZACIÓN
DAS MEDICIÓNS*

O persoal competente para realizar as medicións dos niveis de ruídos e vibracións ás que fai referencia a Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello do Grove será persoal municipal, ben da Policía Local, ben outro persoal designado para tales fins, cualificado para poder realizar as medicións que se describen neste anexo . Así mesmo, o Concello poderá, ao seu xuízo, reclamar a axuda de empresas ou entidades especializadas, as cales deberán ser previamente homologadas en contaminación acústica, segundo os criterios que se fixan no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.

Tamén o Concello, en aplicación do artigo 25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, poderá reclamar o auxilio da Administración autonómica a través do oportuno convenio, no que se incluírán as denuncias naquelas materias ou casos nos que o Concello non conte cos medios técnicos ou humanos necesarios, e que se remitirán á Delegación de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

*PROCEDIMENTO PARA A TRAMITACIÓN
DE EXPEDIENTES DE CONTAMINACIÓN
ACÚSTICA*

A tramitación dos expedientes de contaminación acústica pode iniciarse por dúas vías:

- a) Por denuncia. As persoas físicas ou xurídicas presuntamente prexudicadas por contaminación acústica poden formular a denuncia por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As denuncias poderán formularse contra persoas físicas ou xurídicas; contra veciños ou establecementos e contra organismos ou particulares, polos seguintes medios:

- Policía Local. Normalmente refírense a denuncias telefónicas formuladas por contaminación acústica durante a noite. Neste caso, o persoal desta dependencia, debidamente cualificado e con axuda dun sonómetro homologado e certificado por organismo competente, realiza a medición sonométrica seguido as pautas que se especifican.

O resultado da medición, rexistrado no impreso correspondente, enviarase ao Concello onde, se procede, iniciará o expediente sancionador por contaminación acústica correspondente, sen prexuízo de

ordenar as medidas correctoras que procedan.

- Denuncias formuladas por escrito no Rexistro do Concello. Neste caso, a comprobación efectuarase o servizo da Policía Local ou a empresa homologada, se for preciso.

No caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ao coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licenza, ou de que a licenza que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á perceptiva clausura da actividade.

- b) De oficio. O Concello do Grove pode iniciar a tramitación dun expediente sancionador por contaminación acústica de oficio, por iniciativa propia, sabedor da problemática existente en determina zona, local ou establecemento da localidade.

Neste caso poderá realizar a medición da presunta contaminación acústica mediante persoal da Policía Local, ou de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas.

IMPRESOS

Para a medición de ruídos, que utilizarán os axentes da Policía Local ou o persoal que designe o Concello do Grove:

PARTE DE MEDICIÓN DE RUÍDOS

No cal deben constar os seguintes datos:

Número do expediente

Identificación do/a denunciante

Enderezo do/a denunciante

Identificación do/a denunciado/a

Enderezo do/a denunciante

Datos da actividade ou local denunciado

Enderezo da actividade denunciada

MEDICIÓNS:

Identificación dos instrumentos empregados na medición:

Sonómetro

Calibrador

Resultados obtidos en cada unha das medicións.

Posición onde se realiza cada unha das medicións.

Situación das fontes sonoras.

Bosquexo ou esquema de localización do contorno da medición.

INFORME DA REALIZACIÓN DAS MEDICIÓNS:**A. Caracterización do ruído:**

A avaliación do tipo de ruído (LA) realízase con sonómetro con ponderación (A) e posición lenta (slow), sendo o tempo de medida de 5 minutos.

Reflectindo un resultado de _____ dBA

Lmax _____ dBA

Lmin _____ dBA

Sendo a diferenza entre o nivel máximo e o mínimo de _____ dBA, polo que se trata dun ruído

B. Tipo de ruído para medir e características de medición para introducir no sonómetro:

Tipo de ruído	Diferenza		Tempo de	
	Resposta	Valoración	medida	N.º medidas
I. Ruído cont. uniforme	+ 3 dB(A)	Slow	5 minutos	3
II. Ruído cont. variable	+ 3 a + 6 dB(A)	Slow	5 minutos	3
III. Ruído cont. flutuante	+ 6 dB (A)	Slow	10 minutos	3
IV. Ruído trans. periódico	---	Slow LeqA	1 minuto	3
V. Ruído trans. aleatorio	---	Slow L10	1 minuto	3

C. Límites en vigor:**D. Corrección por ruído de fondo:**

$$m = N1 - N2 = \quad - \quad = N=$$

- m	0 a 3	3,5	4	4,5	5	5,5
- C	No vale	2,6	2,2	1,9	1,7	1,4

E. Datos consignables da medición:

- Medición realizada por:
- Medición realizada en:
- Actividade ou uso do lugar da medición:
- Data da medición: entre as h e as h
- Natureza da fonte de ruídos:
- Localización do foco emisor de ruídos:
- Natureza do ruído ambiente:
- Posicionamento do equipo de medida:
- Nivel de ruídos transmitidos N: dB (A)
- Nivel máximo permitido de transmisión de ruídos: dB (A)
- Si/Non supera en dB (A) o nivel máximo de ruído permitido na vixente Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica.

F. Conclusións oportunas e observacións

Efectúase a calibración do sonómetro ao inicio e ao final das medicións. (Valor de calibración $94,0 \pm 0,3$ dB).

Ruído ambiental de fondo L90 dB(A), cando proceda.

Recurso de reposición.

O presente acordo pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano. O prazo para interpoñer recurso é dun mes desde a data de notificación da presente resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou ata que se produza a súa desestimación por silencio.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

Recurso contencioso-administrativo.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de ser o caso.

O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados desde o día seguinte á data de notificación do presente acordo se non se interpuxo recurso de reposición. Ou tamén transcorridos dous meses, pero contados desde o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou desde a data en que transcorra un mes da interposición do devandito recurso de reposición, se se interpuxo potestativamente.

O Grove, 25 de febreiro de 2008.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2008002312**

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2008, o expediente de modificación de créditos nº2 dentro do actual orzamento de 2008, consistente na creación dún crédito extraordinario na partida 441.61305 por importe de 63.044,75 €, expónse ao público a efectos de reclamacións durante 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da inserción no Boletín Oficial da Provincia, de acordo có disposto nos artigos 177 e 169 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

O Grove, 26 de febreiro de 2008.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2008002259**